

CONCURSO DE MURAIIS 'PEOPLE & PLANET'

ODS 13: Acción polo clima

BASES REGULADORAS

1. Obxectivo

O Concurso de Murais 'People & Planet' está organizado polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) no marco do proxecto 'People & Planet: un destino común', financiado polo programa DEAR da Comisión Europea. Este proxecto, no que participan 17 entidades de oito Estados membros da UE máis Cabo Verde, busca concienciar as mozas e mozos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. Por tanto, non se trata só de sensibilizar á xente nova, senón tamén de que pasen á acción reclamando novas políticas públicas e introducindo mudanzas no seu estilo de vida, tendo en conta tamén a interdependencia local-global.

Esta finalidade é compartida polo Concurso de Murais, que na súa primeira edición xirará arredor do ODS 13: Acción polo clima. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son 17 metas globais que os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas no horizonte de 2030. Esta nova axenda do desenvolvemento abrangue temas coma o xénero, a saúde, a educación, o medio ambiente ou a paz. Todos os ODS da [Axenda 2030](#) entroncan dalgún xeito coas competencias locais, de aí que o papel dos municipios sexa clave para acadalos.

Concretamente, o [ODS 13](#) chama a "adoptar medidas urxentes para combater a emerxencia climática e os seus efectos". As persoas vivimos na nosa propia pel as consecuencias do cambio climático, coma a seca ou as inundacións. Os gases de efecto invernadoiro que produce a actividade humana acentúan a ameaza a nivel global, xa que as emisións na nosa zona prexudican a poboacións afastadas, e viceversa. A solución pasa por adoptar políticas ao respecto e por concienciar sobre as medidas que podemos tomar.

Doutra banda, o artivismo pon en valor o potencial transformador da creación artística a través de diversas manifestacións plásticas, como é neste caso a pintura mural. A través dunha linguaxe gráfica, promóvese o pensamento crítico e reivindicase un cambio social, dando pasos cara a acción. Ao tempo, foméntase a participación cidadá na construción de cidades sostibles, transformando o espazo público de maneira colectiva.

2. Participantes

Poderá presentarse calquera persoa de entre 18 e 35 anos con nacionalidade ou residencia española. Non poderán participar o persoal da Secretaría Técnica do Fondo Galego de

Cooperación e Solidariedade, nin as/os integrantes da Comisión Executiva do Fondo Galego nin as súas familias ata o segundo grao de parentesco. Esta restrición é aplicable ás persoas que compoñen o xurado.

3. Requisitos das obras

As obras presentadas terán como temática o ODS 13: Acción polo clima.

As 4 obras gañadoras representaranse nos 4 espazos cedidos por concellos socios do Fondo Galego (Covelo, Narón, Guitiriz e O Barco de Valdeorras), coas especificacións técnicas que se detallan no Anexo II.

Cada concursante poderá presentar un máximo de dúas propostas para dous muros diferentes.

A técnica será libre, observando en todo momento as bases do certame.

Está previsto completar os murais nun máximo de cinco días de traballo, prazo aberto a negociación en función da complexidade das mesmas.

4. Inscripción

As propostas enviaranse ao correo comunicacion@fondogalego.gal canda a ficha de inscrición debidamente cuberta e a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa que presenta a proposta.
- Proxecto de cada proposta presentada, que non poderá levar ningún elemento identificativo da súa autoría e que incluírá cando menos os seguintes puntos:
 - Bosquexo da obra.
 - Título e texto explicativo sobre a idea gráfica e a súa motivación.
 - Tempo de execución.
 - Relación de materiais necesarios: cantidade e tipo de pinturas, brochas, equipos de protección, estadas, elementos de limpeza e demais útiles que se precisen, co custo unitario e total de cada elemento e mais o orzamento global.
 - Dossier con fotografías de traballos anteriores.

No caso de que a persoa participante desexa presentar o bosquejo da obra en formato físico, este deberá recibirse dentro do prazo establecido na sede oficial do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Rúa Varsovia, 4C - 6º andar [Área Central] - 15703 Santiago de Compostela), por correo postal certificado ou mensaxería.

O prazo de solicitude para participar no certame estenderase do 17 de novembro ao 29 de decembro de 2023.

A persoa solicitante non poderá dar por formalizada a inscrición ata que reciba un correo electrónico confirmando a recepción por parte da Oficina Técnica do Fondo Galego, a xeito de acuse de recibo.

As fichas cos datos persoais da/do concursante serán arquivadas pola Oficina Técnica do Fondo Galego seguindo a normativa vixente de protección de datos e en ningún caso as persoas que compoñen o xurado terán acceso aos mesmos ata unha vez decididas as obras gañadoras. No entanto, as persoas participantes autorizan o emprego dos seus datos persoais por parte do Fondo Galego e do proxecto 'People & Planet' coa finalidade de desenvolver e divulgar a súa participación no concurso.

5. Proceso de selección

A deliberación do xurado para a selección das obras gañadoras terá lugar preferentemente na segunda quincena de decembro e comunicarse ás persoas gañadoras á maior brevidade posible.

A realización dos murais desenvolverase previsiblemente entre os meses de marzo e abril, en función das condicións climatolóxicas e segundo o plan de traballo que se acorde entre as partes.

O xurado estará composto por 5 persoas: 3 artistas de recoñecido prestixio, 1 representante dunha asociación do ámbito social e 1 representante do municipalismo galego.

6. Premios e obrigas das partes

O premio para o autor/a de cada unha das catro obras que mellor representen o ODS 13 será unha viaxe de turismo sustentable a Cabo Verde, para coñecer a realidade dun país da África lusófona co que o Fondo Galego leva colaborando dúas décadas. Ao longo dunha semana, as e os gañadores percorreren as illas de Santiago e Fogo, incluíndo rutas de sendeirismo guiadas e visitas a iniciativas locais como cooperativas vinícolas ou o proxecto ambiental Cidade Verde. A viaxe levarase a cabo en maio de 2024 da man da axencia especializada Oi Cabo Verde.

Os premios non son acumulables e poderán quedar desertos por decisión do xurado, cuxo fallo é inapelable.

Con anterioridade á viaxe e ao pintado da obra, cada unha das persoas gañadoras terá a oportunidade de presentar a súa proposta ante un grupo de xente nova do municipio correspondente, escoitando á súa vez as ideas da mocidade e convidándoa a realizar os seus propios deseños, podendo mesmo incorporalos ao bosquejo orixinal. A/O artista poderá convidar ademais ás mozas e mozos a sumarse ao pintado nalgunha das fases do mural.

Pola súa banda, a organización encargarse da preparación das paredes e outorgará ás persoas gañadoras os materiais necesarios para a realización das obras ata un importe máximo de 700 euros. A organización cubrirá ademais os gastos de desprazamento e estadía das/dos artistas foráneas/os.

7. Cuestións xerais

As obras deberán ser orixinais do/da artista e inéditas, de xeito que non fosen recreadas nunha parede con anterioridade nin premiadas noutros concursos. As persoas participantes garanten asemade que as obras non supoñen vulneración algunha dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros e que dispoñen dos dereitos de imaxe das persoas que poidan aparecer nelas, de modo que eximen á organización de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes permisos.

Así mesmo, fanse responsables das reclamacións que puideran formularse en calquera momento sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade de dereitos, todo elo de acordo coa normativa de propiedade intelectual. O Fondo Galego non se fai responsable dos prexuízos que puidera ocasionar o incumprimento desta garantía, e poderá exercer as accións legais oportunas coa fin de reparar os danos e prexuízos ocasionados.

A obra gráfica premiada quedará exposta no emprazamento que figura no Anexo II o tempo que considere cada Concello, sen que elo derive noutra contraprestación que non sexa o premio. As persoas participantes ceden ao Concello correspondente e ao Fondo Galego os dereitos para a utilización das obras presentadas nas súas canles de comunicación habituais, sempre sen fins lucrativos e recoñecendo a autoría das mesmas.

A organización resérvase asemade o dereito de excluír aquelas obras que poidan considerarse contrarias aos dereitos e liberdades fundamentais, inciten ou promovan actuacións denigrantes e violentas ou vulneren o dereito ao honor e á intimidade. No caso de utilizar a linguaxe nalgunha parte da obra deberá ser inclusiva.

Calquera continxencia non contemplada nestas bases pode ser resolta pola entidade organizadora.

A participación no certame supón a aceptación plena das súas bases, que serán publicadas na web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, sen prexuízo da súa difusión a través das redes e medios de comunicación, ou na web e perfís sociais do Concello correspondente.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao 604 040 890 en horario de oficina ou escribir un correo electrónico a comunicacion@fondogalego.gal.

ANEXO I – FICHA DE INSCRICIÓN

CONCURSO DE MURAIIS ‘PEOPLE & PLANET’

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DA OBRA	
Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Lugar de nacemento	
Enderezo actual	
Teléfono	
E-mail	
Anexar copia do DNI	
DATOS DA/S OBRA/S	
Título da obra 1	
Autoría	
Concello elixido	
Título da obra 2	
Autoría	
Concello elixido	
Anexar proxecto/s da/s proposta/s (bosquexo, explicación, tempos, materiais, etc.) e dossier de traballos anteriores.	

ANEXO II - DESCRICIÓN DOS MUROS

COVELO

Ubicación: Skate park (detrás da biblioteca)

Material: Bloques

Dimensións: 54,60 m² (parte alta: 8,40 x 2,50) (parte baixa: 22,40 x 1,50)



NARÓN

Ubicación: Pump truck (R/ Bon Xesús, 40)

<https://www.google.es/maps/@43.5022783,->

[8.196622,3a,36.8y,126.15h,89.05t/data=!3m6!1e1!3m4!1s_jeFCynL8RnB0-Ej3GFU7w!2e0!7i13312!8i6656](https://www.google.es/maps/@43.5022783,-8.196622,3a,36.8y,126.15h,89.05t/data=!3m6!1e1!3m4!1s_jeFCynL8RnB0-Ej3GFU7w!2e0!7i13312!8i6656)

Material: Formigón

Dimensións: 3 m na parte máis alta, 0,50 m na parte máis baixa e uns 25 m de longo.



GUITIRIZ

Ubicación: Estadio Suso Cruz (campo de fútbol) - Lateral á dereita da entrada

<https://www.google.com/maps/@43.1764858,-7.8951335,3a,75y,173.76h,69.79t/data=!3m6!1e1!3m4!1sQXbpSpx28sK6-nT54UwGcg!2e0!7i13312!8i6656>

Materiais: Bloques

Dimensións: 1,70 m de alto por 25 m de longo



O BARCO

Ubicación: Pavillón municipal (R/ España)

<https://goo.gl/maps/VUtsxS99uSLiBMbcA>

Materiais: Bloque de formigón con árido proxectado.

